
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2024-2025



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

Miguel Rodríguez Sánchez, Director do IES Terra de Soneira, certifica que o Capítulo I deste documento, así como o Documento de Organización e o Programa de Actividades Complementarias e extraescolares, pertencentes ao Capítulo II, foron avaliados na sesión ordinaria do Consello Escolar celebrado en data 24-10-2024.

Miguel Rodríguez Sánchez, Director do IES Terra de Soneira, certifica que os Capítulo II e III deste documento foron avaliados na sesión ordinaria do Consello Escolar celebrado en data 06-02-2025.

Miguel Rodríguez Sánchez, Director do IES Terra de Soneira, certifica que o Capítulo IV deste documento foi avaliado en sesión ordinaria do Consello Escolar celebrado en data 26-02-2025.

ÍNDICE

1. PLAN ANUAL: OBXECTIVOS XERAIS, ESPECÍFICOS E MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN	4
A) OBXECTIVOS XERAIS.....	4
B) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	5
D) RECURSOS PREVISTOS PARA EFECTOS.....	13
2. HORARIO XERAL DO CENTRO	14
A) HORARIO DE APERTURA DO CENTRO OS DÍAS LECTIVOS:	14
B) HORARIO LECTIVO:.....	14
C) HORARIO DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS:	14
D) HORARIO DE BEDELERÍA:	14
E) HORARIO DE VERÁN	15
F) CONDICIÓNS DE DISPONIBILIDADE DE USO DO CENTRO PARA O ALUMNADO	15
G) PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO PERSOAL.....	15
3. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN: SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR	18
4. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN	19
A) NÚMERO DE GRUPOS E ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NO CENTRO. COMPARACIÓN CO CURSO PASADO	19
B) PROFESORADO NO CENTRO.....	20
5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	21
6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.....	32
7. PLAN DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO	34
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO E FP DUAL	35
9. PLAN DIXITAL	36
10. ANEXOS.....	38
[ANEXO I] - PEC: Convivencia, TIC, proxecto lector.....	39
[ANEXO II] – Proxecto lingüístico do centro 2023-2024. Addenda.....	54
[ANEXO III] – Programación da biblioteca e plan anual de lectura do centro.	63
[ANEXO IV] – Programa de formación do profesorado.	70
[ANEXO V] – Programa de formación en centros de traballo e FP Dual.	89
[ANEXO VI] – Plan xeral de atención á diversidade.	93
[ANEXO VII] Plan de Igualdade. Addenda 2024-25	101
[ANEXO VIII] Proxecto E-Dixgal. Addenda 2024-25.....	104
[ANEXO IX] Plan Dixital	107
[ANEXO X] – Proxecto Polos Creativos. Addenda 2024-25	116
[ANEXO XI] – Voluntarios titoría de practicum profesorado.....	117
[ANEXO XII] – Alumnado por contrato e parada.....	118
[ANEXO XIII] – Estatística de alumnado por parada.	119
[ANEXO XIV] – Orzamento.....	120

1. PLAN ANUAL: OBXECTIVOS XERAIS, ESPECÍFICOS E MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

A) OBXECTIVOS XERAIS

1. Mellorar o rendemento académico do alumnado.
2. Potenciar no centro un clima de convivencia axeitado.
3. Potenciar a normalización lingüística do centro, de acordo coa lexislación vixente.
4. Mellorar os índices de lectura da comunidade educativa.
5. Aumentar a participación do alumnado nas distintas actividades do centro e conseguir un maior grao de implicación na consecución dos obxectivos.
6. Fomentar a participación de toda a comunidade educativa na xestión e funcionamento do centro a través das canles de comunicación existentes.
7. Fomentar a participación da sociedade civil (concello, medios de comunicación, empresas, asociacións culturais e deportivas, etc.) nas actividades desenvolvidas no centro.
8. Mellorar as instalacións, os medios técnicos e a formación e actualización do profesorado.

B) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Adoptar as medidas necesarias para atender as necesidades educativas especiais.
2. Desenvolver o Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e o Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de Bacharelato, así como a normativa autonómica que desenvolve os anteriores, adaptándoos ás necesidades educativas do noso alumnado.
3. Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.
4. Desenvolver o Plan Lingüístico de Centro.
5. Dar continuidade ao plan de mellora da biblioteca do centro e seguir fomentando os hábitos de lectura entre a comunidade educativa, a través do desenvolvemento do Plan Lector de Centro.
6. Desenvolver o plan de potenciación e utilización das tecnoloxías da información e das comunicacións poñendo en funcionamento o Plan Dixital do centro.
7. Desenvolver as competencias en linguas estranxeiras.
8. Coordinar o Plan de Acción Titorial entre os titores, o Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos, coa intención de facer unha axeitada orientación académica e profesional e de realizar actividades que contribúan a desenvolver o Plan de Convivencia.
9. Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa, pais e profesores, alumnos e profesores, profesores e equipo directivo, utilizando as canles xa existentes.
10. Manter en bo estado as instalación existentes, mellorándoas e aumentando a súa dotación, sempre que sexa posible.
11. Continuar co desenvolvemento do Plan de Autoprotección.

c) MEDIDAS PROPOSTAS PARA A CONSECUCIÓN DESTES OBXECTIVOS

1. Adoptar as medidas necesarias para atender as necesidades educativas especiais.

As medidas aplicadas para conseguir este obxectivo están relacionadas coa organización dos grupos e coa adopción das medidas necesarias para atender á diversidade. Seguindo a pauta de cursos anteriores, nos grupos da ESO buscouse unha composición heteroxénea encamiñada a que o alumnado con maiores dificultades non estivese agrupado, ademais de potenciar a optatividade de materias dentro das marxes que a normativa admite.

O departamento de orientación colabora no desenvolvemento de medidas específicas de apoio a alumnado repetidor e aquel alumnado con grave risco de fracaso escolar. Para facilitar unha mellor atención ao alumnado que presenta máis dificultades contarase con apoio por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado exento de Francés en 1º da ESO e 2º da ESO ten, como ven sendo habitual, 2 horas de Reforzo, unha de linguas e outra de Matemáticas. Cóntase neste curso con 2 alumnos exentos de Francés (1 en 1º da ESO e 1 en 2º da ESO). Ademais, no presente curso contarase en 1º e 2º da ESO con dúas horas de Dispoñibilidade do centro que serán dedicadas a reforzo (en 1º da ESO unha para lingua castelá e galega e outra para matemáticas e en 2º da ESO unha hora para Inglés e outra para lingua castelá e galega). Tamén se porán en marcha neste curso unha hora semanal de desdobre nas materias Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Física e Química en 3º da ESO e 4º da ESO para impartir reforzo de linguas e ciencias a aquel alumnado que presente máis dificultades.

Recupéranse tamén no presente curso os Laboratorios de Inglés que se levarán a cabo mediante desdoblamento dunha sesión semanal da materia 2ª Lingua estranxeira – Inglés en todos os grupos de 3º e 4º da ESO.

No curso 2024-25 contamos cunha mestra especialista de Pedagogía Terapéutica que desenvolve a súa intervención tanto dentro como fora da aula, co fin último de optimizar a atención individualizada do alumnado e atender do mellor xeito posible as súas necesidades.

En canto ás adaptacións curriculares individualizadas no presente curso realizaranse a 5 alumnos (1 en 2º da ESO e 4 en 3º da ESO).

EXENTOS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA	Adaptación Curricular Significativa
1º ESO: 1	1º ESO: 1
2º ESO: 1	3º ESO: 4

- 2. Continuar a desenvolver o Plan de Convivencia no centro, a través do Observatorio da Convivencia, no seo do Consello Escolar.**

Ademais das iniciativas que habitualmente se veñen desenvolvendo neste campo, no presente curso tense pensado solicitar a participación nos Contratos-Programa Inclúe, nas modalidades Iguala-T e Emociona-T.

- 3. Dar continuidade ao plan de mellora da biblioteca do centro e seguir fomentando os hábitos de lectura entre a comunidade educativa, a través do desenvolvemento do Plan Lector de Centro.**

A Biblioteca do Centro permanece aberta en todos os recreos e a 1ª hora da tarde dos luns. Nestes períodos, haberá un profesor de garda para realizar o servizo de préstamos e devolución do material.

Xa dende hai uns anos, este centro está potenciando a súa Biblioteca a través do plan de mellora de Biblioteca Escolares, desenvolvido desde a Consellería de Educación. O centro esta tamén incluído dentro da rede de centros de biblioteca solidaria.

O equipo da Biblioteca estará formado polos profesores Mª Jesús Barbeira como coordinadora, Antón Riveiro de Dios e Rocío Romero Ces.

4. Coordinar o Plan de Acción Titorial

A orientación académica e profesional será desenvolvida polos titores de cada grupo, que recibirán apoio e asesoramento do Departamento de Orientación, constituído en reunión ordinaria da CCP celebrada o 9 de outubro de 2024 e que forman a Xefa do Departamento, Marina Rial, a profesora de Pedagogía Terapéutica Mª Cruz Canosa González, o Xefe do departamento de FOL, Miguel Rodríguez Sánchez e dous profesores titores de ámbito, Natalia Abelenda Lamela (científico-matemático) e José Paredes Gómez (socio-lingüístico).

Todos os grupos de alumnado da ESO contan no seu horario cunha hora dedicada á realización das actividades relacionadas coa tutoría e a orientación académica. No caso do alumnado de ensinanza de Bacharelato, non existe unha hora de atención individual ou grupal. De necesitalo, realizaranse actividades de xeito puntual aproveitando espazos e horas dispoñibles. No caso do alumnado de ciclos, o horario das sesións no grupo terán lugar unha vez ao trimestre fóra do horario lectivo e a atención individual terá lugar cando xurda a necesidade e nos tempos en que o titor/a considere convenientes.

Cando sexa posible, os titores de grupos de alumnos da ESO manterán reunións semanais de coordinación coa Orientadora, ás que asistirá tamén o Xefe de Estudos, polos menos unha vez ao mes. Os titores de Bacharelato e Ciclos manterán unha reunión mensual á que tamén asistirá o Xefe de Estudos.

Continúase a desenvolver o Plan de Acción Titorial no que está incluído o Plan de Atención á Diversidade.

5. Plan Lingüístico de Centro.

No contexto da renovación que se levará a cabo no presente curso do Proxecto Educativo de Centro, será renovado o Plan Lingüístico de Centro.

6. Desenvolver o plan de potenciación e utilización das tecnoloxías da información e das comunicacións, poñendo en funcionamento o Plan Dixital do centro.

No presente curso renovarase o Plan Dixital do centro, no que actúa como coordinadora a Xefa do Departamento de Tecnoloxía, Ana Isabel Penedo. Como obxectivos principais deste Plan figuran:

- Dotación das aulas do centro dos recursos informáticos (canons, encerado dixital, etc.) que se precisen.
- Utilización de estritos protocolos para o uso de todos os recursos informáticos do centro (seguimento e mantemento dos equipos, instalacións de antivirus, bloqueo de páxinas web de contidos non educativos, etc.)
- Potenciación da páxina web do centro como medio de comunicación.
- Traballo co alumnado (materiais de reforzo e ampliación e seguimento a alumnado con materias pendentes) a través de Aula Virtual aloxada na páxina web do centro.
- Distribución dos recursos tecnolóxicos en función das necesidades reais do alumnado, dotación de canons, equipos informáticos e PDI.

O centro continúa a participar no proxecto Polos Creativos, no que se da cabida a iniciativas da práctica totalidade dos departamentos didácticos do centro obtendo unha moi alta valoración por parte da comisión de selección deste programa de innovación educativa, cuxo fío condutor

é o estudo da contorna. O centro foi dotado cun amplo abano de medios tecnolóxicos entre os que se inclúe un estudo de creación de contidos audiovisuais no que se desenvolverán actividades de creación de podcast e videos por parte do alumnado.

Ademáis, o centro continúa durante o presente curso académico a desenvolver o Proxecto **E-Dixgal**, que comezará a funcionar en 4º da ESO nas seguintes materias: Matemáticas, 1ª Lingua estranxeira: Inglés, 2ª Lingua estranxeira: Francés, Música, Relixión, Educación Artística, Educación Física, Tecnoloxía, Dixitalización e Intelixencia Artificial para a Sociedade. Así mesmo, seguirase desenvolvendo o Proxecto E-Dixgal en 1º, 2º e 3º curso da ESO. No **[Anexo X]** pódese consultar o Proxecto E-Dixgal do centro.

7. Linguas estranxeiras

Desenvolver as competencias en linguas estranxeiras a través dos programas de inmersión lingüística. No presente curso recupéranse as horas de laboratorio de idiomas en 3º e 4º da ESO, que se levarán a cabo durante unha das sesións semanais de cada grupo. Continúase a ofertar a materia Inglés Comunicativo como alternativa á materia de Relixión católica en 2º de Bacharelato.

O centro ofrecerá ao alumnado no presente curso a posibilidade de realizar as Probas de acreditación de linguas estranxeiras e solicitouse a participación no programa Digitalweek para o alumnado de 1º ESO.

8. Coordinar o Prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria.

Neste curso, continuarase a participar, acorde coa a orde do 13 de setembro de 2013 (DOG de 25 setembro), con coordinadores e titores para a desenvolvemento do Prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

9. Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa (pais e profesores, alumnos e profesores, profesores e equipo directivo), utilizando as canles xa existentes.

- Polo que respecta ás comunicacións cos pais/nais do alumnado, esta levarase a cabo a través da aplicación *abalarmóbil*, e da páxina web do centro. No presente curso continuarase a empregar a conta de Instagram do centro para ampliar a visibilidade dos contidos que tradicionalmente se publicaban na web. Ademais realizarase a comezo de curso unha reunión cos pais/nais e os/as titores/as de cada grupo.

- En canto á comunicación co alumnado, despois de que cada grupo de alumnos elixise un Delegado/a ao longo do 1º mes de curso, constituirase a Xunta de Delegados. Na xuntanza de constitución da Xunta de Delegados fixarase un calendario de reunións periódicas co Xefe de Estudos para facilitar o coñecemento dos problemas e unha rápida solución dos mesmos.

- Polo que respecta ás reunións do Consello Escolar, no que se atopan representados todos os estamentos da comunidade educativa, terá lugar a primeira sesión ordinaria do curso no mes de outubro, onde serán presentadas as liñas xerais deste Plan Xeral e a Proposta de Actividades Complementarias e Extraescolares. O resto das reunións do Consello Escolar está previsto que se realicen tal e como está recollido na normativa.

- En canto á comunicación con e entre o profesorado, cada profesor/a forma parte do Departamento Didáctico que se reúne mensualmente, tal e como establece a lexislación correspondente. A Comisión de Coordinación Pedagóxica reúnese coa periodicidade que está prevista na lexislación.

A orde do día de cada sesión é enviada por correo electrónico cunha semana de antelación a cada xefe de Departamento xunto coa documentación necesaria para a mesma. Despois de cada sesión, a acta da reunión é enviada a tódolos Xefes de departamento co fin de poder ser analizadas nas reunións mensuais que cada departamento celebra.

Polo que respecta ao Claustro, este reúnese coa periodicidade que marca a lexislación. A orde do día é dada a coñecer a todos os seus membros da mesma maneira que a da CCP.

Na 1ª sesión ordinaria deste curso académico celebrado o día 9 de setembro aprobouse o seguinte calendario de avaliacións:

AVALIACIÓNS CURSO 2024-2025:

	1ª AVAL	2ª AVAL	3ª AVAL	ORDINARIA	EXTRAORD.	FINAL
ESO	18-19 dec	19-20 mar	23 xuñ			23 xuñ
BAC	18-19 dec	19-20 mar	10 xuñ*	10 xuñ*	23 xuñ	
FP	18-19 dec	19-20 mar	10 xuñ			23 xuñ

*EN 2º BAC realizaranse no mes de maio, segundo as indicacións da CIUG

Avaliacións iniciais: 25 e 26 de setembro.

Avaliación de materias pendentes:

Avaliacións parciais: 20 – 24 de novembro; 19 – 23 de febreiro e 22 – 26 de abril.

Avaliación final: 20 – 24 de maio.

10. Manter en bo estado as instalación existentes, mellorándoas e aumentando a súa dotación, sempre que sexa posible.

Antes do inicio do curso académico, realizáronse unha serie de traballos de mantemento das instalacións do centro. Ademais realizouse a instalación, por parte de AMTEGA, de paneis táctiles en todas as aulas da ESO e Bacharelato e substitución de parte dos encerados de tiza por encerados brancos con rotulador. Os antigos encerados dixitais foron retirados e instalados en aulas de desdobre e aulas de ciclos formativos.

Ao inicio do curso, en todas as aulas faise, en presenza do titor, un parte inicial de estado da aula, que é entregado á Secretaría do centro. Estes partes teñen a dobre función de arranxar os desperfectos iniciais e de responsabilizar ao alumnado da conservación da súa aula.

Para o resto do curso académico está prevista a realización de tarefas de mantemento do centro (pintura e outros arranxos menores) así como diversas actuacións no patio no contexto do Proxecto Terra, para o cal se solicitou participación por terceiro ano consecutivo.

11. Continuar co desenvolvemento do Plan de Autoprotección

Continuamos insistindo na mellora da seguridade da comunidade escolar, actualizando o Plan de autoprotección e realizando como cada ano un simulacro de evacuación do centro.

D) RECURSOS PREVISTOS PARA EFECTOS

Para a consecución destes obxectivos o centro conta con suficientes recursos humanos e económicos. En canto aos recursos humanos cóntase con 37 docentes cunha dedicación horaria a tarefas docentes que permite a participación nos diferentes proxectos de desenvolvemento de plans e actividades que favorecen o cumprimento dos obxectivos anteriormente listados. A situación económica do centro é relativamente desafogada, como se pode constatar nos documentos económicos deste plan, o que permite unha axeitada dotación de recursos materiais para a consecución dos obxectivos desta programación xeral.

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

A) HORARIO DE APERTURA DO CENTRO OS DÍAS LECTIVOS:

Luns e mércores: 8.30 a 18.30.

Martes, xoves e venres: 8.30 a 14.30.

O día non lectivo a elección do centro proposto polo Claustro na súa sesión ordinaria do día 9 de setembro de 2024, aprobado en Consello Escolar en data 2 de maio 2024 e solicitados á Xefatura Territorial en data 9 de setembro. Solicítase un único día non lectivo ao coincidir o festivo local (22 de xaneiro, día de San Vincenzo) en mércores.

B) HORARIO LECTIVO:

ESO, BACHARELATO:	{	Luns: 8.45 a 14.25 e 16.40 a 18.20
	{	De martes a venres: 8: 45 a 14.25
CICLOS:	{	Luns e mércores: 8.45 a 14.25 e 15.50 a 18.20
	{	Martes, xoves e venres: 8: 45 a 14.25

C) HORARIO DOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS:

Luns a venres: 8:45 a 14:25

D) HORARIO DE BEDELERÍA:

Luns e mércores: 8:00 a 18:30

Martes, xoves e venres: 8:00 a 15:00

E) HORARIO DE VERÁN

Nos meses de xullo e agosto o centro permanecerá aberto de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00.

F) CONDICIÓNS DE DISPONIBILIDADE DE USO DO CENTRO PARA O ALUMNADO

O alumnado pode facer uso das instalacións do centro no horario que establecen os anteriores epígrafes e fora deste horario nas actividades que dende o centro se organicen fora do horario lectivo. Ademáis, o centro cede o uso das súas instalacións para a celebración de actividades de carácter deportivo organizadas polo Concello de Vimianzo e outras asociación deportivas. No presente curso impártense clases de tenis de mesa en horario de tarde, facendo uso do ximnasio do centro con persoal e materiais dotados polo Concello de Vimianzo.

G) PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO PERSOAL

Persoal docente:

O persoal docente do centro organízase en 18 departamentos didácticos que se coordinan cun alto grado de autonomía e manteñen reunións de periodicidade mensual, quedando rexistrado o contido destas no libro de actas de cada departamento.

Tamén con periodicidade mensual celébranse as sesións ordinarias da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro, na que se establecen as liñas xerais do proxecto curricular e se realiza o seguimento do mesmo.

O conxunto do profesorado do centro réunese nas sesións de claustro, que se celebran en convocatoria ordinaria a comezo de curso e unha vez por trimestre, e en sesión extraordinaria cando sexa necesario.

En canto ao Consello Escolar, órgano que conta con participación do persoal docente, celebrense as sesións ordinarias do mesmo, coa periodicidade que recolle a normativa vixente e reunírase en sesión extraordinaria cando fose necesario.

O equipo directivo, composto por Miguel Rodríguez Sánchez (director), María Isabel Durán Díaz (vicedirectora), M^a Carmen Rivadulla Carracedo (secretaria) e Antón Riveiro de Dios (xefe de estudos), reúnese semanalmente e repártese o horario de atención á comunidade educativa facendo uso das horas de garda de dirección segundo o seguinte horario:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	Xefe de estudos	Xefe de estudos	Xefe de estudos	Xefe de estudos	Director
2ª	Secretaria	Xefe de estudos Secretaria	Xefe de estudos	Xefe de estudos	Xefe de estudos
3ª	Secretaria	Xefe de estudos Director	Vicedirectora Xefe de estudos Secretaria Director	Secretaria Director	Secretaria Director
4ª	Secretaria Director	Secretaria Director	Secretaria	Vicedirectora Secretaria	Secretaria
5ª	Vicedirectora	Secretaria	Director	Vicedirectora Director	Vicedirectora Director
6ª	Vicedirectora	Vicedirectora	Vicedirectora Director	Vicedirectora	Vicedirectora
7ª	Xefe de estudos		Vicedirectora		
8ª	Xefe de estudos		Vicedirectora		
9ª	Xefe de estudos		Vicedirectora		

Persoal non docente:

O colectivo de persoal non docente do centro está integrado polos seguintes membros:

		HORARIO
Auxiliar administrativo	Manuela Ferreiro Mantiñán	Luns a vernres, de 8:00 a 15:30
Persoal de limpeza	Dolores Fachal Lavandeira	Luns a venres, de 14:30 a 22:00
	María Dolores Valiña Lema	Luns a venres, de 14:30 a 22:00
	Miguel Pose Fariña	Luns a venres, de 14:30 a 22:00
Subalternos	José Carreira Ozón	Luns: 8:00 a 12:15 e 15:30 a 18:45 Resto de días: 8:00 a 15:30
	Juan Jesús Vilar Lois	Mércores: 8:00 a 12:15 e 15:30 a 18:45 Resto de días: 8.00 a 15:30

3. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN: SERVICIO DE TRANSPORTE ESCOLAR

Dende mediados do curso 2021-2022, o servizo de transporte do centro está contratado coa UTE Galicia Lote 23.

Manterase o mesmo horario de cursos anteriores, dando servizo a 186, en 8 rutas diferentes. Ver **[Anexo XII]** e **[Anexo XIII]**.

4. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN

A) NÚMERO DE GRUPOS E ALUMNOS/AS MATRICULADOS/AS NO CENTRO.

COMPARACIÓN CO CURSO PASADO

CURSO	GRUPOS	Nº DE ALUMNOS	DIFERENZA 24-25
1º ESO	2	23/23 (46)	(+12)
2º ESO	2	14/14 (28)	(-8)
3º ESO	2	19/19 (38)	(+4)
4º ESO	1	23	(-2)
<i>TOTAL ESO</i>	8	135	(+6)
1º BACH	2	21/15 (36)	(-1)
2º BACH	2*	9/22 (31)	(-19)
<i>TOTAL BACH</i>	4	67	(-20)
CMXA	2	8 [1º] / 4 [2º] (12)	(-1)
CSAF	2	10[1º] / 8 [2º] (18)	(+1)
<i>TOTAL CICLOS</i>	4	30	(-14)
TOTAL	15	232	(-23)

B) PROFESORADO NO CENTRO

	DEFINITIVO	PROVISIONAL	ITINERANTE	TOTAL
MESTRES	2	0	0	2
PES	26	8	0	34
RELIXIÓN	0	0	1	1
TOTAL	28	8	1	37

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A) ACTIVIDADES DE BALDE

PROGRAMAS EDUCATIVOS	
PROGRAMAS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA (PIE)	
➤ BENESTAR EMOCIONAL	○ Taller “Ponte na súa pel” impartido pola Cruz Roja Coruña.
➤ INCLUSIÓN	
PLANS PROXECTA	
➤ PROXECTO TERRA	○ Adecentamento do espazo con pintura de novos murais e bancos (material con cargo ao orzamento do plan). ○ Fabricación de casiñas e comedeiros de aves polo alumnado de Tecnoloxía que logo instalaremos nas árbores do patio. ○ Instalación dunha zona de cultivo con bancais no patio (material con cargo ao orzamento do plan) para o cultivo de produtos da terra e flores e herbas aromáticas. ○ Obradoiros para coñecer os usos e propiedades das prantas cultivadas. ○ Actividades de concienciación sobre o coidado do medio ambiente e a importancia da reciclaxe. ○ Instalación de pequenos colectores en cada aula para almacenar o material desbotable que logo xuntaremos para levar ao punto limpo. ○ Dinamización dos recreos: apertura da aula de xogos do patio cuberto dotada de fútbolín

e xogos de mesa, instalación dunha mesa de ping-pong (donada polo Concello), concertos a cargo do alumnado de música, organización de torneos de diferentes deportes: fútbol, baloncesto, etc.

- Obradoiro creativo “Mirador de Cereixo: interpretación do mar” a cargo da ilustradora Laura Suárez, para alumnado de 1º da ESO.
- Charla sobre cambio climático a cargo de profesorado da USC.

EDU EXCHANGES

- Visita dunha semana de duración (do 6 ao 11 de abril do 2025) dos alumnos franceses do Lycée “Louis Rascol” durante a que se aloxarán coas familias dos noso alumnado.

DIGITAL WEEK

- Programa de inmersión na lingua inglesa a través de actividades dixitais na que participan 24 alumnos de 1º da ESO. Realízase mediante a estadía dunha semana (do 27 de outubro ao 2 de novembro) en réxime de internado no albergue xuvenil Os Peares. Irán acompañados dun profesor.

PROBAS DE CERTIFICACIÓN DE LINGUAS

- Realización de probas de certificación en lingua inglesa nos niveis B1, B2 ou C1, por parte do alumnado interesado. Realizarase no propio centro preferiblemente no segundo trimestre.

ACTIVIDADES COORDINADAS POLO CENTRO que promoven a formación integral do alumnado

- Participación en actividades propostas polo Concello de Vimianzo e outros organismos e

asociacións que se realizan no propio centro ou nas instalacións do Concello. Por exemplo, asistencia á estrea “As formas do amor” no Auditorio de Vimianzo, participación no Stand de Ciberseguridade, campaña Time to move, etc. (No caso de que as actividades se realicen nas instalacións do Concello e as condicións meteorolóxicas ou temporais non permitan o desprazamento a pe, asumirase o custo do autobús).

- Charlas impartidas por profesorado da USC dentro do programa A Ponte. Realizaranse no propio centro.
- Celebracións no centro: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Fin de curso.
- Conmemoración de efemérides, por exemplo o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, no que realizarán un taller con Noelia Míguez, escritora e vítima de violencia de xénero.

DEPARTAMENTOS

ORIENTACIÓN

- Charlas e obradoiros que promoven a educación en valores e o benestar físico e emocional para alumnado de ESO/Bacharelato e Ciclos. Son impartidos por diferentes organismos e institucións (Cruz Vermella, Garda Civil, Concello de Vimianzo, Deputación, etc.) e asociacións (APEM, Asociación ALAR, Asociación ITA, Íntegro e Vieiros de Carballo). Realizaranse ao longo do curso no propio centro.
- Charla sobre a oferta académica das Universidades galegas para 2º de Bacharelato e 2º de CS. Realizarase no mes de xaneiro, no centro.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA E BIBLIOTECA	○ Club de lectura e club de manga con reunións periódicas. ○ Programa “De Rosalía ás cantareiras” que terá lugar de febreiro a maio. ○ Celebracións e conmemoración de Efemérides con concursos, exposicións e recitais.
EDUCACION FÍSICA	○ Actividades Xogade (carreira de campo a través, bádminton, carreiras de orientación, piragüismo)
INGLÉS	○ “Ugly Christmas Sweater Day” , o 20 de decembro para toda a comunidade educativa. ○ Clase cultural cun profesor nativo de Burlington Books, para Bacharelato e Ciclos, o luns 28 de outubro.
BIOLOXÍA	○ Conferencia- Obradoiro de Sogama, en decembro, para o alumnado de 1º da ESO. ○ Charla sobre doazón e transplantes impartido polo centro de coordinación autonómica destinado ao alumnado de 1º de Bacharelato e CM. Mes de xaneiro.
MATEMÁTICAS	○ Participación na Olimpíada matemática para alumnado de 2º da ESO. ○ En abril/maio. Actividades lúdicas e exposicións para conmemorar o Día da Ciencia en Galego e o Día Internacional das Matemáticas.
FÍSICA E QUÍMICA	○ Charla divulgativa do IGFAE sobre radiación e radioactividade para alumnado de 3º da ESO. No mes de febreiro. ○
ECONOMÍA	○ Scaperoom da Fundación Mapfre sobre cuestións financeiras realizado no centro para alumnado de Economía, EDMN e CM. ○ Charla cun emprendedor da contorna. ○ Sesión de Educación Financeira dentro do programa Finanzas para Mortais da Fundación UCEIF para alumnado de Economía, Finanzas

	Responsable e EDMN. ○ Charla con poñentes do Banco de España para alumnado de 1º de Bacharelato.
FRANCÉS	○ Recepción no Concello de Vimianzo do alumnado francés de intercambio.

B) ACTIVIDADES CON CUSTO

PROGRAMAS EDUCATIVOS	
PROGRAMAS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA (PIE)	
➤ BENESTAR EMOCIONAL	○ “Emocionarte”. Taller artístico sobre emociones que se realizará en 3 sesións. Coste de 5 por alumno. Alumnado participante: 1º de Bacharelato, 4º da ESO, CM e CS. Actividades e exposicións promovidos por Afundacion e que se desenvolverán ao longo do curso nas sedes de A Coruña, Santiago e Ferrol (custo da entrada e desprazamento).
➤ INCLUSIÓN	○ Taller “Todas e todos contamos”, promovido por Afundacion e que se realizará no propio centro. Actividade inclusiva que fomenta a creatividade e as artes. Alumnado de 1º ,2º e 3º da ESO. Custo de 3 euros por alumno. Data: 18 de decembro. ○ Obra teatral “Soños” e encontro IGAXES, en A Coruña, para alumnado de 1º de Bacharelato. Custo de 5 euros por entrada máis autobús.
PLANS PROXECTA	
➤ PROXECTO TERRA	

- Plantando árbores con pinceis. Proxecto de Afundacion pola sostibilidade que une cultura e coidado do medio ambiente a través da realización no centro de murais artísticos, colaborativos e ecolóxicos. Participarán os alumnos de 3º da ESO, 4º da ESO E 1º de Bacharelato. Custo: 4 euros/alumno.
- Limpeza de praias e taller sobre coidado do medio ambiente da man da Asociación Mar de Fábula de Camelle. Participará o alumnado da ESO. Custo do desprazamento.

**ACTIVIDADES COORDINADAS POLO CENTRO que promoven a
formación integral do alumnado**

- Talleres promovidos por Afundacion, realizados no propio centro ou nas sedes da Obra Social, e que se desenvolverán ao longo do curso (custo da actividade por alumno e desprazamento se procede). Ademais da obra teatral “Soños, anteriormente citada, temos xa concertada a obra “Delaired”, o día 15/01/2025 en Santiago, para alumnado de 3º da ESO. Custo de 2,5 euros por alumno máis autobús.
- Actividades para a visibilización da Saúde Mental e Emocional con diferentes profesionais e asociacións. Preferiblemente no segundo trimestre. Para todo o alumnado.
- Participación no programa Aprende a través do Surfing para alumnado da ESO (custo do autobús).
- Excursión de fin de curso do alumnado de 4º da ESO. Data pendente de confirmar. Custo de desprazamento, aloxamento e actividades (arredor de 650 euros) .
- Visionado dunha película no cine de Cee como premio aos gañadores dos concursos do Samaín, axudantes da Biblioteca e alumnado do Club de Lectura. O custo será a entrada con menú, e o desprazamento.
- Actividade lúdica no centro de tecnificación freestyle indoor OnGravity, en A Coruña, para o alumnado de 2º de Bacharelato B (premio do Entroido do curso pasado). Custo da actividade (20 euros) e desprazamento.

DEPARTAMENTOS

ADMINISTRACIÓN	○ Visita ao Parlamento de Galicia e ó Centro Loxístico de Correos o día 06/11, para CM e CS. Custo do autobús. ○ Visita ás empresas FINSA e Casa Grande de Xanceda o 27/11, para todo o alumnado de Ciclos. Coste do autobús e entrada á Casa Grande de Xanceda (7 euros por alumno). ○ Visita aos Xulgados de Corcubión para todo o alumnado de Ciclos o 19/02/2024. Custo do autobús. ○ Visita ao centro loxístico de Pull&Bear en Narón o 28/02/2025. Participará todo o alumnado de Ciclos. Custo do autobús.
BIOLOXÍA	○ Visita á empresa CAVISA (Caolines de Vimianzo), o 15 de maio, para alumnado de 1º da ESO. Custo do desprazamento.
ARTES PLÁSTICA	○ Obradoiro “Bestiario mutante de fauna delirante” na Fundación Luís Seoane (A Coruña). Custo do autobús. Acudirán 1º ESO A o 10/04/2025 e 1ºESO B o 11/04/2025. ○ Actividade “CGAC: un achegamento á arte contemporánea” , en Santiago de Compostela. Custo do autobús. Asistirá 3º ESO A o día 30/01/2025 e 3º ESO B ao día seguinte. ○ Visita comentada no Museo de Belas Artes de A Coruña, o 07/02/2025 para 1º de Bacharelato. Custo do autobús. ○ Visita ARCO e Museo do Prado en Madrid para o alumnado da materia de 1º de Bacharelato. Do 6 ao 8 de marzo do 2025. Custo da entrada (20euros), transporte e aloxamento. Posibilidade de facer extensible esta viaxe a todo alumnado de Bacharelato proxectando unha viaxe cultural coa colaboración doutros Departamentos.
ECONOMÍA	○ Taller “HazQTRente: conoce tus finanzas, decide tu futuro”, o 09/05/2025 na Sede do Banco de España en A Coruña. Custo do

	autobús. Alumnado participante: Ciclos e alumnado de Economía e Finanzas Responsables de 1º de Bacharelato. ○ Visita a empresa da contorna, para alumnado de EDMN de 2º de Bacharelato. Custo do autobús. A finais da 1ª ou 2ª avaliación. ○ Visita a unha empresa de economía social. Alumnado de Economía de 1º de Bacharelato e Finanzas Responsables. Custo do autobús. ○ Participación nas Olimpíadas de Economía, para 2º de Bacharelato. Datas e custo por determinar.
EDUCACIÓN FÍSICA	○ Viaxe a Andorra para a práctica de esquí. Alumnado de 1º de Bacharelato e 3º da ESO. Desprazamento en autobús e estadía de 7 días en febreiro. Custo aproximado de 640 euros por alumno. ○ Acampada nas Cíes para 2º da ESO na primeira semana de xuño. Desprazamento en autobús e estancia en cámping 3 días e 2 noites con actividades de starlight, kayak e snorkel. Custo aproximado de 150 euros por alumno. ○ Sendeirismo pola contorna para alumnado de 1º e 2º da ESO durante o 1º e 3º trimestre. Custo do autobús. ○ Subida á Moa e Camiño dos Faros para alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato. Realizarse no primeiro/terceiro trimestre. Custo do autobús.
FÍSICA E QUÍMICA	○ Participación na Aula Aberta á TecnoCiencia da Escola Técnica de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo para alumnado de 1º de Bacharelato A. Custo do autobús. ○ Visita á empresa AIR LIQUIDE e á Casa das Ciencias en A Coruña para 4º da ESO a o día 26/03/2025. Custo do autobús e entrada á Casa das Ciencias. ○ Visita á Facultade de Ciencias da UdC e participación no “taller de frío” para alumnado de 2º da ESO no mes de maio/xuño. Custo do

	autobús.
MATEMÁTICAS	○ Roteiro matemático por Santiago de Compostela para ESO/Bacharelato. Farase coincidir coa visita a esta cidade por parte do Departamento de Galego. Custo do autobús. ○ Canguro matemático para alumnado da ESO, Bacharelato e Ciclos. Realizarase no centro, en horario lectivo e terá un custo de 5 euros por alumno.
FRANCÉS	○ Fiestinema (cine en francés) en Santiago de Compostela para alumnado da materia de 3º ESO, 4º da ESO e 1º de Bacharelato, o 13 de novembro. Custo do autobús. ○ Actividades a realizar durante a semana de acollida dos alumnos franceses coa participación do alumnado da materia de 4º da ESO e 1º de Bacharelato (custo do autobús no caso de non empregar o do alumnado francés): - Visita a Santiago de Compostela. - Visita a cidade de A Coruña para alumnado de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e alumnos franceses. Custo : 1,55 euros por alumno de entrada á Torre de Hércules. - Visita ao Castelo de Vimianzo e á contorna para alumnado de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e alumnos franceses.
INGLÉS	○ Concurso “ Oscar Awards Pool 25” para todo o alumnado da ESO, na semana do 17 ao 28 de febreiro. Custo do premio para os gañadores.
LINGUA CASTELÁ	○ Participación no programa “Educar en Xustiza” para 4º da ESO ao longo dunha mañá da primeira avaliación. Custo do autobús a Corcubión. ○ Concurso de microrrelatos con motivo do Día do Libro para todo o alumnado. Custo dos premio para os gañadores.

	○ Asistencia a unha obra de teatro clásica aínda por determinar. Custo do autobús e entradas. ○ Encontro cun escritor aínda por determinar.
LINGUA GALEGA	○ Ruta literaria a Lugo combinada con visita guiada ao Museo Provincial, á cidade e ao Centro de Interpretación da Muralla. Participará o alumnado de 1º da ESO durante o terceiro trimestre e o custo será o do autobús. ○ Roteiro polos Penedos de Pasarela e Traba. Asistirá o alumnado de 2º da ESO ao rematar o segundo trimestre e o custo será o do autobús. ○ Visita á cidade de Santiago (Museo do Pobo Galego, Praza de Abastos, Cidade Vella...). Participarán os alumnos de 2º da ESO durante o terceiro trimestre e o custo será o do autobús. ○ Ruta pondaliana polos concellos de Ponteceso e Cabana de Bergantiños para 3º da ESO durante o terceiro trimestre. Custo do autobús. ○ Ruta Rianxo-Padrón para coñecer as casas de Castelao, Dieste, M. Antonio e Rosalía. Realizarase no mes de abril e participará o alumnado de 4º da ESO. Custo do autobús e entrada na casa de Rosalía (1 euro por alumno). ○ Visita á cidade de Santiago en colaboración co Departamento de matemáticas e Xeografía e Historia: Parlamento Galego e cubertas da catedral e xincana co Departamento de Matemática. Realizarase no 2º/3º trimestre para o alumnado de 1º de Bacharelato e o custo será o do autobús e 10 euros por alumno para a visita da catedral coas cubertas. ○ Estadía en Portugal para o alumnado de portugués de 1º de Bacharelato. Realizarase no terceiro trimestre e o custo será o do desprazamento, visitas e estancia.

LATÍN E GREGO	○ Mostra de Teatro Clásico en Lugo para o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato en febreiro. Custo do bus e 5 euros por alumno. ○ Participación no Ludi Compostelani para alumnado de 1º de Bacharelato. Realizarase a abril do 2025 e terá un custo de 2 euros por alumno e obradoiro, ademais do autobús. ○ Viaxe cultural a Italia coa SEEC Galicia. Participará o alumnado de Grego de 2º de Bacharelato dende o 1 ao 8 de marzo do 2025 e o curso ronda os 900 euros por persoa. ○ Representación teatral “Ahora Mismitos”, no centro, para alumnado da ESO e Bacharelato. Custo: 375 euros. ○ Olimpíada de Tradución para o alumnado de Latín e Grego de 2º de Bacharelato. Realízase en Santiago a finais de maio e o custo é o desprazamento en autobús.
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	○ Participación no Correlingua 2025 en A Coruña durante o terceiro trimestre para alumnado da ESO. Custo do autobús. ○ Participación no concurso Falemos+galego II en colaboración coa Biblioteca. Participará o alumnado da ESO e Bacharelato e o custo será o do autobús.
MÚSICA	○ Concerto da Real Filharmonía de Galicia en Santiago de Compostela para o alumnado de 3º e 4º da ESO durante o mes de febreiro. Custo do autobús.
ORIENTACIÓN	○ Participación nalgunha feira ou encontro de Orientación Vocacional para alumnado de 2º de Bacharelato e 2º curso de Ciclos. Custo do autobús ao lugar no que se organice.
TECNOLOXÍA	○ Visita ao Muncyt para alumnado de 2º da ESO. Custo do autobús

6. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

Neste curso, o EDLG, en colaboración co Equipo da Biblioteca do centro, pon en marcha un programa de actividades denominado **De Rosalía ás cantareiras** que terá lugar entre os meses de febreiro e maio e que conta coa colaboración dos Departamentos Didácticos do IES. Sobre todo na materia de Lingua e literatura galega farase alusión a aqueles escritores que entran dentro deste período.

No **primeiro trimestre** faranse as seguintes actividades:

- Samaín (31 de outubro) celebraremos un pequeno concurso de temática relacionada, actividades diversas de teatro, lecturas de medo na biblioteca e magosto para todo o centro educativo.
- Día da ciencia en galego (4 novembro) levarase a cabo a través de actividades de fomento do galego no ámbito da tecnoloxía.
- Día da violencia de xénero (25 novembro): faremos algunha charla e actividades onde se mostre o noso desacordo co maltrato.
- Nadal (22 de decembro): levarase a cabo un festival con actividades diversas para despedir o trimestre. Todas serán realizadas en galego.

No **segundo trimestre** realizaranse:

- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia* (11 febreiro) (Biblioteca, Departamento de Bioloxía e de Física): Durante a 1ª quincena de febreiro realizaranse exposicións na Biblioteca e nos corredores do centro de figuras científicas relevantes de orixe galega; poderase elaborar unha xincana sobre os murais expostos.
- Día de Rosalía* (23 de febreiro) (Departamento de Lingua galega): Durante a 2ª quincena de febreiro terán lugar un recital poético por parte do alumnado da materia de galego e aquelas que queiran participar. Gravaremos o alumnado e farase un vídeo con este recitado, logo colgarémolo na páxina da biblioteca e do centro.

-*Día da Muller traballadora* (8 marzo) (Departamento de Galego, Historia e Filosofía) Durante a 1ª quincena de marzo realizaranse exposicións e elaboracións de traballos sobre as mulleres galegas nos diferentes ámbitos.

-*Día da narración oral* (20 marzo), *da poesía* (21 de marzo) e *do teatro* (27 de marzo) (Departamento de Lingua galega, Lingua Española, Francés, Inglés) Durante a 2ª quincena de marzo realizarans actividades relacionadas con este aspecto onde a través das distintas efemérides traballaranse os distintos xéneros literarios.

- Faranse diversas saídas a Ourense, Santiago e andainas polo concello en colaboración cos departamentos de lingua galega, educación física, biblioteca e historia , entre outros.

No **terceiro trimestre** faranse:

-*Día do libro infantil e xuvenil* (2 de abril) e *Día do libro* (23 de abril) (Departamento de Lingua galega, Lingua Española, Francés, Inglés e Biblioteca) Durante o mes de abril terá continuidade a actividades das distintas efemérides nomeadas anteriormente e faranse diversas exposicións e traerase algún ou algunha escritora.

-*Día do cómic* (1 de maio) (Biblioteca) En colaboración co Club de lectura de manga do IES, traballarase o mundo do cómic . Se fose posible traeremos a un debuxante para o alumnado da ESO.

-*Día das Letras Galegas* (17 de maio) (Departamento de Lingua Galega) Durante a 2ª quincena de maio desenvolveranse actividades ao redor das cantareiras, homenaxeadas nas Letras Galegas 2025 (exposicións, recitais, xincanas, etc.).

-Participación no Correlingua 2025 na Coruña (Departamento de Galego). Iremos á carreira popular e logo aproveitaremos o día para visitar a cidade.

-Participación no concurso Falemos+galego II (Departamento de Galego e Biblioteca) que será a continuación do que se fixo o ano pasado para o fomento do galego. Campaña que se levou a cabo en 13 centros da Costa da Morte.

7. PLAN DE FORMACIÓN DE PROFESORADO NO CENTRO

O programa de formación de profesorado no centro inclúese no **[Anexo IV]**. Forman parte do equipo de formación os seguintes docentes: Ana Isabel Penedo Blanco (coordinadora).

Figuran como liñas de traballo no plan as seguintes:

- Competencia dixital.
- Competencia didáctica

Os itinerarios que se levarán a cabo no presente curso son os seguintes:

TÍTULO	LIÑA DE TRABAJO	COORDINADORA	OBXECTIVOS
Mellora da dixitalización do centro	66 – Competencia dixital	Ana Isabel Penedo Blanco	1. Afondar nos coñecementos da plataforma de ensino EDIXGAL 2. Crear material pedagóxico que permita o feedback
Deseño de actividades didácticas co material de Polos Creativos	67 – Competencia didáctica	Ana Isabel Penedo Blanco	1. Implementar diferentes actividades didácticas co material de Polos Creativos

8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO E FP DUAL

O módulo profesional de FCT é un bloque coherente de formación profesional que se desenvolve en empresas ou institucións en situacións reais de traballo. A súa regulación recóllese no RD 1538/2006. Este módulo ten carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centros educativos, complementadas con aquelas previamente identificadas entre as actividades produtivas do centro de traballo. O Programa de formación en centros de traballo do IES Terra de Soneira figura no **[Anexo V]** deste documento.

Ademais dende o pasado curso ofértase a modalidade dual en réxime ordinario de segundo curso tanto para o alumnado do Ciclo Medio de Xestión Administrativa como para o do Ciclo Superior de Administración e Finanzas, cursando no presente curso dita modalidade un total de 2 alumnos do CMXA e 3 alumnos no CSAF. No **[Anexo V]** figura a relación de empresas onde se están a desenvolver estas ensinanzas de FP Dual.

No presente curso académico coa entrada das novas ensinanzas da FP reguladas pola Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, da ordenación e integración da Formación Profesional e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, que establece un sistema unificado de Formación Profesional Dual ábrese a posibilidade de que o alumnado de 1º curso de ambos os dous graos de Formación Profesional impartidos no centro, realicen prácticas na empresa como parte do plan formativo dos graos, desaparecendo o módulo de FCT.

9. PLAN DIXITAL

No curso 2021-2022, en aplicación da Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia, foi aprobado o Plan Dixital do centro no que se detalla o plan de acción para a consecución dos obxectivos que no mesmo se establecen en prol da potenciación da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.

O Plan Dixital do centro foi renovado no presente curso académico 2024-2025 e pode consultarse integramente no **[Anexo IX]**.

Os integrantes do equipo de dinamización do Plan Dixital son os seguintes:

Equipo de dinamización do Plan Dixital	
Rodríguez Sánchez, Miguel	Director do centro
Penedo Blanco, Ana Isabel	Coordinadora
López Lavandeira, Ana	Designación claustro
Toja Suárez, María Dolores	Designación claustro

O centro foi escollido no curso 2021-2022 para a participación no Programa Polos Creativos, regulado pola Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativo Polos Creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

No procedemento de selección de centros o proxecto presentado obtivo unha puntuación de 67,558. A comezos do pasado curso foi entregado todo o material que foi solicitado para o desenvolvemento do programa e despois da realización de obras de adecuación da aula e a instalación do equipamento actualmente o centro atópase realizando diversos proxectos e actividades empregando os medios de Polos Creativos. Addenda do presente curso no **[Anexo X]**.

O centro continúa a desenvolver o Proxecto E-Dixgal, levándoo no presente curso académico ata o 4º curso da ESO. Pode consultarse a addenda do proxecto no **[Anexo VIII]**.

10. ANEXOS

[ANEXO I] - PEC: Convivencia, TIC, proxecto lector.

No presente curso realizarase unha actualización do PEC do centro, que data do curso 2019 – 2020, así como do Plan de Convivencia aprobado no curso 2016 - 2017 e do Plan TIC posto en marcha no curso 2018 - 2019.

En canto ao proxecto lector do centro preséntase addenda correspondente ao actual curso coas actividades a desenvolver durante o mesmo:

ACTIVIDADES DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO CURSO 2023-2024

1º ESO		
MATERIA	ACTIVIDADE	TIPOLOXÍA DA ACTIVIDADE
